ELECCIONES GENERALES 2015

# Manual para os/as membros das Mesas electorais

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DEL INTERIOR
SUBSECRETARIA
DIRECCIÓN GENERAL DE POLÍTICA INTERIOR

# ELECCIÓNS A CORTES XERAIS 2015

## Manual para os/as Membros das Mesas Electorais

Supervisado pola Xunta Electoral Central

Aprobado por Acordo do Consello de Ministros

www.infoelectoral.interior.es

# Índice

**Introdución** 3

**Funcións que deben desempeñar os/as membros da Mesa durante a xornada electoral –relación cronolóxica–** 4

Entre as 8 e as 9 da mañá

8 da mañá

Reunión no local electoral 4
Comprobación do material electoral 5
Comprobación das condicións do local electoral 12
Recepción das credenciais dos/as interventores/as 12

8.30 da mañá

Confección da acta de constitución da Mesa 14

De 9 da mañá a 8 da tarde

Comezo da votación 14
Desenvolvemento da votación 15

A partir das 8 da tarde

Peche da votación 21
Voto dos/as membros da Mesa e os/as interventores/as 22
Firma da lista numerada de votantes 22
Escrutinio 22
Anuncio dos resultados da votación 24
Cubrir a acta de escrutinio 25
Cubrir a acta de sesión 25

Fin das funcións da Mesa

Preparar os sobres de documentación electoral 26
Pechar os sobres e asinalos 27
Entregar os sobres 27

**Os/As interventores/as e apoderados/as das candidaturas** 28

**Orde Pública** 29

# INTRODUCIÓN

Este Manual elaborouse para que vostede poida desenvolver correctamente as funcións que se derivan do seu nomeamento como membro de Mesa. Léao detidamente e, de ser posible con antelación suficiente, e léveo con vostede o día da votación: resultaralle moi útil.

Ser membro dunha mesa electoral é un deber cívico ineludible. Sen a disposición e o esforzo das persoas que, como vostede, forman parte das mesas electorais, sería imposible levar a termo a realización dun proceso electoral.

## *COMO SE DESIGNA AS PERSOAS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS?*

Son elixidos polos concellos, mediante sorteo público, entre persoas menores de setenta anos e que saiban ler e escribir.

Cada Mesa estará composta, obrigatoriamente, por tres persoas: un presidente ou unha presidenta e dous/dúas vogais, cada un/unha deles/delas cos/coas seus/súas respectivos/as suplentes.

**A presidencia da Mesa é a máxima autoridade no local electoral, e é a que decide a actuación que se realiza ante calquera situación durante a xornada de votación.**

## *QUE DEREITOS E QUE OBRIGAS TEÑEN OS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS?*

Os membros das mesas designados, sempre que desempeñen as súas funcións como tales durante a xornada electoral, teñen dereito a:

- Axuda de custo de **62,61 €.**
- Permiso retribuído durante o día da votación, se é laborable, e a unha redución de cinco horas de duración na súa xornada de traballo do día despois das eleccións, no caso dos/das traballadores/as por conta allea e os/as funcionarios/as.
- Protección do Sistema da Seguridade Social fronte ás continxencias e as situacións que puidesen derivarse da súa participación nas eleccións. Se vostede tivera que usar esta protección, póñase en contacto coa Delegación/Subdelegación do Goberno.

Estes cargos son obrigatorios, de maneira que se considera delito electoral que as persoas que foron designadas membros de Mesa non se presenten o día das eleccións para cumprir con este deber.

# FUNCIÓNS QUE DEBEN DESEMPEÑAR OS MEMBROS DA MESA DURANTE A XORNADA ELECTORAL
## - RELACIÓN CRONOLÓXICA -

## ENTRE AS 8:00 E AS 9:00 DA MAÑÁ




### 8:00 DA MAÑÁ

**Reunión no local electoral, comprobación do material electoral e das condicións do local e dar posesión do seu cargo aos/ás interventores/as.**

### 1. <u>REUNIÓN NO LOCAL ELECTORAL</u>

Ás 8:00 da mañá do día da votación deben estar presentes no local electoral todos os membros da Mesa e os seus suplentes. Estes, unha vez constituída a Mesa, se non tiveron que substituír a ningún titular poden abandonar o local electoral.

Se non se presentase a persoa designada como presidente ou presidenta titular, nin tampouco os/as seus/súas suplentes, asumirá a presidencia da Mesa o/a primeiro/a ou o/a segundo/a vogal, que deberá ser substituído/a na súa calidade de vogal polos/polas seus/súas suplentes.

Se a pesar do sinalado anteriormente non pode constituírse a Mesa por non contar cos tres membros que esixe a lei (presidente ou presidenta e dous/dúas vogais) actuarase da seguinte maneira:

1. Os membros da Mesa que si acudiron, ou se é o caso, a autoridade gobernativa, deben comunicarlle o acontecido á Xunta Electoral de Zona e, ademais, deben enviarlle por correo certificado unha declaración por escrito explicando o sucedido.

2. A Xunta Electoral de Zona intervirá designando as persoas que han de constituír a Mesa, podéndolle ordenar que formen parte dela os/as electores/as presentes no local.

Se, a pesar de actuar como se sinalou, non se pode constituír a Mesa antes das 10:00 da mañá, os membros presentes ou a autoridade gobernativa débenllo comunicar á Xunta Electoral de Zona, que convocará unha nova votación dentro dos dous días seguintes. A convocatoria fixarase na porta do local electoral e a Xunta Electoral nomeará novos membros da Mesa.

**Recorde:** Nesta e noutras cuestións incidentais, os membros da Mesa poderán encontrar axuda no/na representante da Administración, que desde a primeira hora da mañá estará no local electoral.

## 2. COMPROBACIÓN DO MATERIAL ELECTORAL

Se nalgún momento observa algunha deficiencia ou faltan algún dos elementos que se mencionan a continuación, débello comunicar inmediatamente á Xunta Electoral de Zona, para que proceda á súa substitución ou subministración

### 2.1. UNHA URNA PARA CADA UNHA DAS ELECCIÓNS QUE SE HAN REALIZAR

- Unha urna para as eleccións ao Congreso dos Deputados.

- Unha urna para as eleccións ao Senado

As urnas deben **sinalarse ou identificarse** para evitar erros ou confusións, fixando o sobre de votación correspondente ao proceso para o que cada unha delas vaia utilizarse na súa parte dianteira e na súa parte traseira.

A urna debe estar **pechada e precintada**, como garantía de que non pode ser manipulada. Por iso, en caso de **rotura ou deterioración** do precinto, a presidencia da Mesa, se non puidese obter oportunamente outra urna da Xunta Electoral de Zona, asegurará o peche da urna con calquera medio ao seu alcance.

### 2.2. UNHA CABINA DE VOTACIÓN

Debe estar nun lugar próximo á Mesa.

### 2.3. SOBRES E PAPELETAS

A cor das papeletas e os sobres de cada elección será o seguinte:

- Eleccións ao Congreso dos Deputados: cor **branco**.
- Eleccións ao Senado: cor **sepia**

Durante toda a xornada, e mentres dure a votación, debe haber un número suficiente de sobres de votación e de papeletas de todas e cada unha das candidaturas que se presentan a cada elección.

Colocaranse papeletas de todas as candidaturas na cabina ou nunha mesa auxiliar que se situará ao seu lado.

xornada electoral, poderanas levar consigo, sen que de ningunha maneira poida producirse que reduza o seu compromiso de utilizalos para as fins específicas permitidas na lexislación electoral *(Acordo da Xunta Electoral Central do 8 de xuño de 2015).*

- **ACTAS (constitución, escrutinio e sesión)**

Ten que haber impresos das seguintes actas:

- **Acta de constitución da Mesa.**

A Mesa é común para ambas as dúas eleccións. Por iso, o documento no que se deixa constancia da constitución da Mesa é único para todas as dúas eleccións.

- **Actas de escrutinio.**

Haberá unha para cada unha das eleccións que se vaian realizar:

- Unha acta para as eleccións ao Congreso dos Deputados.
- Unha acta para as eleccións ao Senado.



**ELECCIONES A CORTES GENERALES 2015 / *ELECCIÓNS A CORTES XERAIS 2015***

| PROVINCIA *PROVINCIA* | MUNICIPIO *MUNICIPIO* | DISTRITO CENSAL *DISTRITO CENSUAL* | SECCIÓN *SECCIÓN* | MESA *MESA* |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

**ACTA DE ESCRUTINIO - CONGRESO DE LOS DIPUTADOS / *ACTA DE ESCRUTINIO - CONGRESO DOS DEPUTADOS***

A las .......... horas del día ......... de ............................ de .........., y una vez concluido el escrutinio, se obtienen los siguientes resultados:
*Ás ............ horas do día ......... de ........................... de .........., e unha vez concluído o escrutinio, obtéñense os seguintes resultados:*

1. Número de electores según las listas del censo
*Numero de electorado segundo as listas do censo* ______
Número de certificaciones censales presentadas
*Número de certificacións censuais presentadas*
2. - De alta en el censo electoral:
*De alta no censo electoral:* ______
3. - De corrección de errores materiales:
*De corrección de erros materiais:* ______

Total electores: (Nº electores según las listas del censo + Certificaciones de alta) (1+2)
*Total electorado: (N.º electorado segundo as listas do censo + certificacións de alta) (1+2)* ______

A) Electores censados en la Mesa que han votado:
*A) Electorado censado na Mesa que votu:* ______
B) Interventores no censados en la Mesa que han votado:
*B) nterventores/as non censados/as na Mesa que votaron:* ______
Total votantes: (A+B)
*Total votantes: (A+B)* ______

Número de votos nulos
*Número de votos nulos* ______
Número de votos en blanco
*Número de votos en branco* ______

**EL/LA PRESIDENTE/A**
**(nombre y firma)**
***O/A PRESIDENTE/A***
***(nome e sinatura)***

**LOS VOCALES**
**(nombre y firma)**
***OS/AS VOGAIS***
***(nome e sinatura)***

**LOS INTERVENTORES**
**(nombre y firma)**
***OS/AS INTERVENTORES/AS***
***(nome e sinatura )***

| | Candidaturas / *Candidaturas* | Votos obtenidos / *Votos obtidos* En letra / *En letra* | En núm. *En núm.* |
|---|---|---|---|
| 1 | | | |
| 2 | | | |
| 3 | | | |
| 4 | | | |
| 5 | | | |
| 6 | | | |
| 7 | | | |
| 8 | | | |
| 9 | | | |
| 10 | | | |
| 11 | | | |
| 12 | | | |
| 13 | | | |
| 14 | | | |
| 15 | | | |
| 16 | | | |
| 17 | | | |
| 18 | | | |
| 19 | | | |
| 20 | | | |
| 21 | | | |
| 22 | | | |
| 23 | | | |
| 24 | | | |
| 25 | | | |
| 26 | | | |
| 27 | | | |
| 28 | | | |
| 29 | | | |
| 30 | | | |
| 31 | | | |
| 32 | | | |
| 33 | | | |
| 34 | | | |
| 35 | | | |
| 36 | | | |
| 37 | | | |
| 38 | | | |
| 39 | | | |
| 40 | | | |

Se extiende la presente acta que, en prueba de conformidad, firman todos los asistentes.
*Esténdese a presente acta que, en proba de conformidade, asinan todos/as os/as asistentes.*

AEM

MODELO DE ACTA DE ESCRUTINIO

- o **Actas de sesión.**

Ao igual que as actas de escrutinio, haberá unha acta de sesión para cada unha das eleccións que se vaian realizar.

**ELECCIONES A CORTES GENERALES 2015 / *ELECCIÓNS A CORTES XERAIS 2015***

| PROVINCIA *PROVINCIA* | MUNICIPIO *MUNICIPIO* | DISTRITO CENSAL *DISTRITO CENSUAL* | SECCIÓN *SECCIÓN* | MESA *MESA* |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

**ACTA DE SESIÓN - CONGRESO DE LOS DIPUTADOS / *ACTA DE SESIÓN - CONGRESO DOS DEPUTADOS***

A las .......... horas del día ......... de ............................. de ..........., y una vez concluidas las operaciones atribuidas a esta Mesa electoral, se expide la presente acta de sesión:
*Ás ............. horas do día ......... de ............................. de ........... e unha vez concluídas as operacións atribuídas a esta Mesa electoral, expídese a presente acta de sesión:*

1. Número de electores según las listas del censo / *Número de electorado segundo as listas do censo* ____________
Número de certificaciones censales presentadas / *Número de certificacións censuais presentadas*
2. - De alta en el censo electoral: / *De alta no censo electoral:* ____________
3. - De corrección de errores materiales: / *De corrección de erros materiais:* ____________

Total electores: (Nº electores según las listas del censo + Certificaciones de alta) (1+2)
*Total electorado: (N.º electorado segundo as listas do censo + certificacións de alta) (1+2)* ____________

A) Electores censados en la Mesa que han votado: / *A) Electorado censados na Mesa que votaron:* ____________
B) Interventores no censados en la Mesa que han votado: / *B) Interventores/as non censados/as na Mesa que votaron:* ____________
Total votantes: (A+B) / *Total votantes: (A+B)* ____________

Número de votos nulos / *Número de votos nulos* ____________
Número de votos en blanco / *Número de votos en branco* ____________

**EL/LA PRESIDENTE/A**
**(nombre y firma)**
***O/A PRESIDENTE/A***
***(nome e sinatura)***

**LOS VOCALES**
**(nombre y firma)**
***OS/AS VOGAIS***
***(nome e sinatura)***

**LOS INTERVENTORES**
**(nombre y firma)**
***OS/AS INTERVENTORES/AS***
***(nome e sinatura)***

| | Candidaturas / *Candidaturas* | Votos obtenidos / *Votos obtidos* | |
|---|---|---|---|
| | | En letra / *En letra* | En núm. *En núm.* |
| 1 | | | |
| 2 | | | |
| 3 | | | |
| 4 | | | |
| 5 | | | |
| 6 | | | |
| 7 | | | |
| 8 | | | |
| 9 | | | |
| 10 | | | |
| 11 | | | |
| 12 | | | |
| 13 | | | |
| 14 | | | |
| 15 | | | |
| 16 | | | |
| 17 | | | |
| 18 | | | |
| 19 | | | |
| 20 | | | |
| 21 | | | |
| 22 | | | |
| 23 | | | |
| 24 | | | |
| 25 | | | |
| 26 | | | |
| 27 | | | |
| 28 | | | |
| 29 | | | |
| 30 | | | |
| 31 | | | |
| 32 | | | |
| 33 | | | |
| 34 | | | |
| 35 | | | |
| 36 | | | |
| 37 | | | |
| 38 | | | |
| 39 | | | |
| 40 | | | |

ASM

Se extiende la presente acta que, en prueba de conformidad, firman todos los asistentes.
*Esténdese a presente acta que, en proba de conformidade, asinan todos/as os/as asistentes.*

**Se hace constar que se han formulado las siguientes reclamaciones y protestas, siendo resueltas por la Mesa electoral según se indica: (Indicar las reclamaciones y las resoluciones adoptadas).**
***Faise constar que se formularon as seguintes reclamacións e protestas, sendo resoltas pola Mesa electoral segundo se indica: (Indicar as reclamacións e as resolucións adoptadas).***

**Se han emitido los siguientes votos particulares: (Indicar nombre y apellidos, cargo en la Mesa electoral y motivo del voto).**
***Emitíronse os seguintes votos particulares: (Indicar o nome e os apelidos, cargo na Mesa electoral e o motivo do voto).***

**Durante la celebración de la votación han ocurrido los incidentes que se indican: (Indicar los incidentes con nombre y apellidos de los causantes, en su caso).**
***Durante a realización da votación ocorreron os incidentes que se indican: (Indicar os incidentes co nome e cos apelidos dos causantes, de ser o caso).***

MODELO DE ACTA DE SESIÓN

- **CERTIFICADOS DE VOTACIÓN** para entregarllos aos/ás votantes que o soliciten.

**ELECCIONES / *ELECCIÓNS***

El/La elector/a ..................................................................................................................................................................
emitió su voto en las elecciones ..........................................................................

*O/a elector/a ..................................................................................................................................................................*
*emitiu o seu voto nas eleccións ..........................................................................*

(En) ...................................................., (a) .......... de/*de* .................................. de/*de* ........... El/La Presidente/a / *O/A presidente/a*

El/La elector/a ................................................................................................................................................ compareció en esta Mesa electoral para emitir su voto a las elecciones ................................................................................ , sin que pudiera serle aceptado por:
*O/A elector/a ................................................................................................................................................ compareceu nesta Mesa electoral para emitir o seu voto ás eleccións ................................................................................ , sen que puidese serlle aceptado por:*

(*)

| | |
|---|---|
| | no figurar inscrito en el censo / *non figura inscrito/a no censo* |
| | no justificar suficientemente su identidad / *non xustifica suficientemente a súa identidade* |
| | suspensión de la votación / *suspensión da votación* |
| | no constitución de la Mesa / *non constitución da Mesa* |
| | |

(En) ...................................................., (a) .......... de/*de* ................................. de/*de* ........... El/La Presidente/a / *O/A presidente/a*

(*) Señálese con una cruz lo que proceda / *Sinálese cunha cruz o que proceda*

M.3 Certificado de votación / *M.3 Certificado de votación.* G

MODELO CERTIFICADO DE VOTACIÓN

- **MODELO AUXILIAR**

  Para facilitar o escrutinio das papeletas ao Senado.

- **LISTA NUMERADA DE VOTANTES**.

  A Mesa anotará nela o nome e apelido de cada votante, indicando- nas columnas específicas para cada proceso que se realice- en que proceso se abstén, se se dá este caso.

**ELECCIONES**
***ELECCIÓNS***

**LISTA NUMERADA DE VOTANTES**
***LISTA NUMERADA DE VOTANTES***

Relación numerada y formalizada de los electores que en las elecciones celebradas en el día de hoy han emitido su voto, con expresión del orden en que lo hicieron y del número con que cada uno figura inscrito en el censo electoral.

*Relación numerada e formalizada do electorado que nas eleccións realizadas no día de hoxe emitiu o seu voto, con expresión da orde na que o fixo e do número co que cadaquén figura inscrito no censo electoral.*

**Recuerde:**

En estas elecciones solo pueden votar los españoles mayores de edad inscritos en el censo electoral y que no se hallen privados del derecho de sufragio.

*Recorde:*

*Nestas eleccións só pode votar o electorado español maior de idade inscrito no censo electoral e que non estea privado do dereito de sufraxio.*

- Los vocales e interventores firmarán las listas numeradas de votantes al margen de todos sus pliegos e inmediatamente debajo del último nombre escrito (Art. 88.4 Ley Orgánica 5/1985 del Régimen Electoral General)

*- As persoas vogais e interventoras asinarán as listas numeradas de votantes á marxe de todos os seus pregos e inmediatamente debaixo do último nome escrito (Art. 88.4 Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral)*

- En la lista numerada de votantes se especificará la Sección Electoral de los interventores que no figuren en el censo de la Mesa (Art. 88.3 de la mencionada Ley Orgánica)

*- Na lista numerada de votantes especificarase a sección electoral das persoas interventoras que non figuren no censo da Mesa (Art. 88.3 da mencionada lei orgánica)*

M.1 a. Portada lista numerada de votantes / *Portada lista numerada de votantes*

**LISTA NUMERADA DE VOTANTES / *LISTA NUMERADA DE VOTANTES***

**ELECCIONES / *ELECCIÓNS***

Relación numerada y formalizada de los electores que, en las elecciones .................................................................................. celebradas en el día ............................ han emitido su voto, con expresión del orden en que lo hicieron y del número con que cada uno figura inscrito en el censo electoral.

*Relación numerada e formalizada do electorado que, nas eleccións ........................................................................................ realizadas o día ........................... emitiu o seu voto, con expresión da orde na que o fixo e do número con que cada persoa figura inscrita no censo electoral.*

| Circunscripción electoral<br>*Circunscrición electoral* | Municipio<br>*Municipio* | Distrito censal<br>*Distrito censual* | Sección<br>*Sección* | Mesa<br>*Mesa* |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

| NÚMERO DE ORDEN *NÚMERO DE ORDE* | | NOMBRE Y APELLIDOS<br>*NOME E APELIDOS* | ELECCIONES *ELECCIÓNS* | |
|---|---|---|---|---|
| EN LA VOTACIÓN<br>*NA VOTACIÓN* | EN EL CENSO DE LA MESA<br>*NO CENSO DA MESA* | | CONGRESO<br>*CONGRESO* | SENADO<br>*SENADO* |
| | | | | |
| | | TOTAL / *TOTAL* | | |

M.1b Lista numerada de votantes / *Lista numerada de votantes*

MODELO LISTA NUMERADA DE VOTANTES

- **COPIA DOS NOMEAMENTOS (CREDENCIAIS) DOS/DAS INTERVENTORES/AS QUE ACTÚEN ANTE A MESA (sobre a figura dos/as interventores e os apoderados/as, consulte na páxina 28)**

  As credenciais son os documentos nos que os/as representantes das candidaturas nomean a unha determinada persoa como interventor/a desa candidatura. As súas copias incluiranse no sobre nº 1 que preparará a Mesa ao final da xornada.

ELECCIONES DICIEMBRE 2015 / *ELECCIÓNS DECEMBRO 2015*

JUNTA ELECTORAL ZONA DE: ..........

*XUNTA ELECTORAL ZONA DE:* ..........

Asunto / *Asunto*
CREDENCIAL NOMBRAMIENTO INTERVENTOR/A
*CREDENCIAL NOMEAMENTO INTERVENTOR/A*

DATOS DE LA PERSONA PROPUESTA / *DATOS DA PERSOA PROPOSTA*

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º Apellido / *1.º Apelido* | 2º Apellido / *2.° Apelido* | | |
| Nombre / *Nome* | Nº DNI / *N.° DNI* | | |
| Profesión / *Profesión* | Edad / *Idade* | | |
| Domicilio / *Domicilio* | Nº / *Núm.* | Piso / *Piso* | |
| Municipio / *Municipio* | C.P. / *CP* | Provincia / *Provincia* | |
| Inscrito/a en el censo en la circunscripción de: *Inscrito/a no censo na circunscrición de* | Distrito censal *Distrito censual* | Sección y Mesa *Sección e Mesa* | |

DATOS DEL/DE LA REPRESENTANTE / *DATOS DO/DA REPRESENTANTE*

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º Apellido / *1.º Apelido* | 2º Apellido / *2.° Apelido* | | |
| Nombre / *Nome* | Nº DNI / *N.° DNI* | | |
| Profesión / *Profesión* | Edad / *Idade* | | |
| Domicilio / *Domicilio* | Nº / *Núm.* | Piso / *Piso* | |
| Municipio / *Municipio* | C.P. / *CP* | Provincia / *Provincia* | |
| Formación política / *Formación política* | | | |
| Para las elecciones / *Para as eleccións* | | | |

MATRIZ
MATRIZ

De acuerdo con el artículo 78.1 de la Ley Orgánica del Régimen Electoral General y, a los efectos de lo indicado en ella, nombro a la persona arriba indicada Interventor/a en:

*De acordo co artigo 78.1 da Lei orgánica do réxime electoral xeral e, para os efectos do indicado nela, nomeo á persoa arriba indicada interventor/a en:*

| Mesa / *Mesa* | Sección / *Sección* | Distrito / *Distrito* | Municipio / *Municipio* | Provincia / *Provincia* |
|---|---|---|---|---|
| Lugar y fecha / *Lugar e data* | | | | |

EL/LA REPRESENTANTE / *O/A REPRESENTANTE*

N.3a - Nombramiento de Interventores - Matriz / *N.3a - Nomeamento de interventores/as - Matriz*

ELECCIONES DICIEMBRE 2015 / *ELECCIÓNS DECEMBRO 2015*

JUNTA ELECTORAL ZONA DE: ..........

*XUNTA ELECTORAL ZONA DE:* ..........

Asunto / *Asunto*
CREDENCIAL NOMBRAMIENTO INTERVENTOR/A
*CREDENCIAL NOMEAMENTO INTERVENTOR/A*

DATOS DE LA PERSONA PROPUESTA / *DATOS DA PERSOA PROPOSTA*

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º Apellido / *1.º Apelido* | 2º Apellido / *2.° Apelido* | | |
| Nombre / *Nome* | Nº DNI / *N.° DNI* | | |
| Profesión / *Profesión* | Edad / *Idade* | | |
| Domicilio / *Domicilio* | Nº / *Núm.* | Piso / *Piso* | |
| Municipio / *Municipio* | C.P. / *CP* | Provincia / *Provincia* | |
| Inscrito/a en el censo en la circunscripción de: *Inscrito/a no censo na circunscrición de* | Distrito censal *Distrito censual* | Sección y Mesa *Sección e Mesa* | |

DATOS DEL/DE LA REPRESENTANTE / *DATOS DO/DA REPRESENTANTE*

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º Apellido / *1.º Apelido* | 2º Apellido / *2.° Apelido* | | |
| Nombre / *Nome* | Nº DNI / *N.° DNI* | | |
| Profesión / *Profesión* | Edad / *Idade* | | |
| Domicilio / *Domicilio* | Nº / *Núm.* | Piso / *Piso* | |
| Municipio / *Municipio* | C.P. / *CP* | Provincia / *Provincia* | |
| Formación política / *Formación política* | | | |
| Para las elecciones / *Para as eleccións* | | | |

CREDENCIAL
CREDENCIAL

De acuerdo con el artículo 78.1 de la Ley Orgánica del Régimen Electoral General y, a los efectos de lo indicado en ella, nombro a la persona arriba indicada Interventor/a en:

*De acordo co artigo 78.1 da Lei orgánica do réxime electoral xeral e, para os efectos do indicado nela, nomeo á persoa arriba indicada interventor/a en:*

| Mesa / *Mesa* | Sección / *Sección* | Distrito / *Distrito* | Municipio / *Municipio* | Provincia / *Provincia* |
|---|---|---|---|---|
| Lugar y fecha / *Lugar e data* | | | | |

EL/LA REPRESENTANTE / *O/A REPRESENTANTE*

Sr./a. D./Dª *(persona propuesta)* ..........

*Sr./Sra. D./D.ª (persoa proposta)* ..........

N.3b - Nombramiento de Interventores - Credencial / *N.3b - Nomeamento de interventores/as - Credencial*

MODELO DE CREDENCIAL DE INTERVENTOR/A

- **COPIA DOS NOMEAMENTOS (CREDENCIAIS) DOS/AS ELECTORES/AS INSCRITOS NO CENSO DA MESA QUE ACTÚEN COMO INTERVENTORES/AS NOUTRA MESA DISTINTA, se se dá este caso.**

  Os/as interventores/as votarán na Mesa na que están acreditados/as, sempre que figuren inscritos na circunscrición electoral correspondente a esa Mesa.

  Se non figuran inscritos na circunscrición electoral correspondente á Mesa na que van desempeñar as súas funcións, non poden votar nesta Mesa, senón mediante o voto por correo dirixido á Mesa na que figuren inscritos.

  Ningún pode votar máis dunha vez, constituíndo delito electoral votar dúas ou máis veces na mesma elección.

- **UN XOGO DE SOBRES E RECIBOS DE ENTREGA DESTES**

• Existirá un xogo de tres sobres, e os recibos de entrega correspondentes. Estes recibos teñen a finalidade de que a Mesa poida xustificar que se realizou a entrega da documentación, ao finalizar a xornada electoral.

**ELECCIONES**
***ELECCIÓNS***

(Indicar proceso / *Indicar proceso*)

SOBRE Nº
*SOBRE N.º*

| Circunscripción electoral *Circunscrición electoral* | Municipio *Municipio* | Distrito censal *Distrito censual* | Sección *Sección* | Mesa *Mesa* |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

Sr/a. Juez ................ de
*Sr./Sra. Xuíz/a* ......................................................................... *de* ......................................................

**Los interventores:**
***Os/As interventores/as:***

La Presidencia, vocalías e interventores en la referida Mesa electoral, / *A Presidencia, as vogalías e os/as interventores/as na referida Mesa electoral,*

CERTIFICAN: / *CERTIFICAN:*

Que este sobre contiene los siguientes documentos: / *Que este sobre contén os seguintes documentos:*

SOBRE 1: / *SOBRE 1*

- ORIGINAL DEL ACTA DE CONSTITUCIÓN DE LA MESA ELECTORAL
  *O ORIXINAL DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL*
- ORIGINAL DEL ACTA DE SESIÓN, CON LOS DOCUMENTOS ELECTORALES A QUE SE HAGA REFERENCIA:
  *O ORIXINAL DA ACTA DE SESIÓN, COS DOCUMENTOS ELECTORAIS A QUE SE FAGA REFERENCIA:*
  - Lista numerada de votantes / *A lista numerada de votantes*
  - Papeletas de votación nulas o que hayan sido objeto de reclamación / *As papeletas de votación nulas ou que foran obxecto de reclamación*
  - Listas del censo electoral utilizadas / *As listas do censo electoral utilizadas*
  - Certificaciones censales/sentencias aportadas / *As certificacións censuais/sentenzas achegadas*
  - Copias de las credenciales de los interventores u originales si no se reciben las copias / *As copias das credenciais dos/das interventores/as ou orixinais se non se reciben as copias*

SOBRES 2 Y 3 / *SOBRES 2 E 3*

- COPIA DEL ACTA DE CONSTITUCIÓN DE LA MESA ELECTORAL
  *A COPIA DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL*
- COPIA DEL ACTA DE LA SESIÓN
  *A COPIA DA ACTA DA SESIÓN*

**LA PRESIDENCIA / *A PRESIDENCIA*** **VOCALÍAS / *AS VOGALÍAS***

S.5

MODELO DE SOBRE PARA DOCUMENTACIÓN ELECTORAL

ELECCIONES
*ELECCIÓNS*

| Circunscripción electoral *Circunscrición electoral* | Municipio *Municipio* | Distrito censal *Distrito censual* | Sección *Sección* | Mesa *Mesa* |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

**Nota: Cruce con una raya el modelo de recibo que no use.**
***Nota: Cruce cunha raia o modelo de recibo que non use.***

A las ………………................................ horas del día de la fecha, he recibido de la Mesa electoral antes reseñada dos sobres cerrados en cuyo exterior los componentes de dicha Mesa certifican que contienen:
*Ás ........................................................ horas do día de hoxe, recibín da Mesa electoral antes apuntada dous sobres pechados en cuxo exterior os/as compoñentes da devandita Mesa certifican que conteñen:*

**Sobre Nº 1** de las elecciones
***Sobre N.º 1*** *das eleccións* ..........................................................

- Original del acta de constitución de la Mesa. / *O orixinal da acta de constitución da Mesa.*
- Original del acta de la sesión. / *O orixinal da acta da sesión.*
- Lista numerada de votantes. / *A lista numerada de votantes.*
- Papeletas de votación nulas o que hayan sido objeto de reclamación. / *As papeletas de votación nulas ou que sexan obxecto de reclamación.*
- Listas del censo electoral utilizadas. / *As listas do censo electoral utilizadas.*
- Certificaciones censales/sentencias aportadas. / *As certificacións censuais/sentenzas achegadas.*
- Copias de las credenciales de los interventores. / *As copias das credenciais dos/as interventores/as.*

**Sobre Nº 2** de las elecciones
***Sobre N.º 2*** *das eleccións* ..........................................................

- Copia del acta de constitución de la Mesa. / *A copia da acta de constitución da Mesa.*
- Copia del acta de la sesión. / *A copia da acta da sesión.*

Ambos sobres están firmados en la forma indicada en el artículo 100.4 de la vigente Ley Orgánica del Régimen Electoral General.
*Ambos sobres están asinados na forma indicada no artigo 100.4 da vixente Lei orgánica do réxime electoral xeral.*

……………….....……., (a) ……… de / *de* ……………………… de / *de* ………….

EL/LA JUEZ
*O/A XUÍZ/A* ……………......................…….………..

Recibo de entrega sobres 1 y 2 / *Recibo de entrega sobres 1 e 2*

A las ………………................................ horas del día de la fecha, he recibido de la Mesa electoral antes reseñada un sobre cerrado en cuyo exterior los componentes de dicha Mesa certifican que contiene:
*Ás ........................................................ horas do día da data, recibín da Mesa electoral antes apuntada un sobre pechado en cuxo exterior os compoñentes da devandita Mesa certifican que contén:*

**Sobre Nº 3** de las elecciones
***Sobre Nº 3*** *das eleccións* ..........................................................

- Copia del acta de constitución de la Mesa. / *A copia da acta de constitución da Mesa.*
- Copia del acta de la sesión. / *A copia da acta da sesión.*

El sobre está firmado en la forma indicada en el artículo 100.4 de la vigente Ley Orgánica del Régimen Electoral General.
*O sobre está asinado na forma indicada no artigo 100.4 da vixente Lei orgánica do réxime electoral xeral.*

……………….....……., (a) ……… de / *de* ……………………… de / *de* ………….

EL/LA EMPLEADO/A DEL SERVICIO DE CORREOS
*O/A EMPREGADO/A DO SERVICIO DE CORREOS* ......................................................................

Recibo de entrega sobre 3 / *Recibo de entrega sobre 3*

M.2. Recibo de entrega de sobres / *M.2. Recibo de entrega de sobres* G

MODELO DE RECIBO PARA A ENTREGA DE SOBRES

**Recorde:** Se a Mesa non dispón dalgún destes elementos, debe comunicalo inmediatamente á Xunta Electoral de Zona, para que proceda ao seu envío.

**PROCEDEMENTO DE VOTACIÓN ACCESIBLE: VOTACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL COÑECEDORAS DO SISTEMA BRAILLE.**

Se nunha Mesa electoral vai votar algunha persoa con discapacidade visual que solicitase, en tempo e forma, a utilización do procedemento de votación accesible, ademais da documentación electoral antes sinalada deberá haber nesa Mesa electoral o seguinte:

- Unha lista co DNI dos/das electores/as con discapacidade visual incluídos/as no censo desa Mesa electoral que solicitaron a utilización do procedemento de votación accesible.
- Un maletín ou unha carpeta ríxida que entregarán os membros da Mesa a cada elector ou electora que figure na devandita lista.

Comprobe o contido dese maletín ou desa carpeta ríxida:

- Unha guía explicativa en braille sobre como utilizar a documentación contida no maletín.
- Dos sobres estándar de votación (non rotulado en braille): un para as eleccións ao Congreso dos Deputados e outro para as eleccións ao Senado.
- Un sobre grande que incluirá un sobre pequeno por cada candidatura que concorra ás eleccións ao Congreso dos Deputados. Cada un deses sobres pequenos terá pegada unha etiqueta na que constará, en tinta e en braille, a denominación da candidatura cuxa papeleta electoral (estándar, non en braille) está dentro do sobre.
- Un modelo troquelado (polas dúas caras), dentro da que estará a papeleta electoral estándar correspondente ás eleccións ao Senado.
- Unha lista, en braille, cos nomes dos candidatos e candidatas ao Senado.

## 3. COMPROBACIÓN DAS CONDICIÓNS DO LOCAL ELECTORAL

Han de ser as axeitadas para realizar a votación. Debe haber mesas e cadeiras suficientes para os membros da Mesa electoral, luz apropiada e material de escritorio.

As seccións e as mesas deberán estar perfectamente sinalizadas.

Se se advirte algunha deficiencia, debe comunicárselle inmediatamente á Xunta Electoral de Zona para que a solucione.

## 4. RECEPCIÓN DAS CREDENCIAIS DOS/DAS INTERVENTORES/AS

Sobre a figura dos/das interventores/as e os/as apoderados/as, consulte a páxina 28.

- Entre as 8:00 e as 8:30 horas da mañá, a Mesa recibe os nomeamentos (credenciais) dos/as interventores/as que se presenten.

- As credenciais numeraranse a medida que vaian presentándose, para ter constancia da orde de presentación.

- A presidencia da Mesa comparará os nomeamentos coas copias que deben figurar entre a documentación da Mesa, e comprobará que coinciden. Nese caso:

  - Indicaráselle ao/á interventor/a que queda recoñecido/a pola Mesa,
  - Incluirase o seu nome na acta de constitución da Mesa, no apartado correspondente (lista de interventores/as admitidos/as pola Mesa).
  - Devolveránselle os nomeamentos (credenciais), agás se non se recibisen as copias. Neste caso conservaranse para engadilos ao expediente electoral, incluíndoos no sobre n.º 1 ao final da xornada electoral.

  Só poden actuar ante a Mesa un máximo de dous/dúas interventores/as por cada candidatura. Se se presentasen máis de dous/dúas dunha mesma candidatura, daráselle posesión do cargo aos/ás que primeiro presentaran as credenciais.

  Abonda unha soa acreditación para actuar como interventor/a en todos os procesos electorais que se realicen o mesmo día, se a formación á que representa participa nos devanditos procesos electorais.

**PROBLEMAS QUE PODEN PRESENTARSE:**

- **Que a Mesa non recibira as copias do nomeamento.**
- **Que se dubide da autenticidade dos nomeamentos.**
- **Que se dubide da identidade das persoas que se presentan como interventores/as.**

Nestes casos, a presidencia deberá facer o seguinte:

- Dar posesión do cargo aos/ás interventores/as, se así o esixen.
- Consignar estas circunstancias na acta de constitución da Mesa, para o seu esclarecemento posterior.

- **Que os/as interventores/as se presenten á Mesa despois das 8:30 horas, unha vez feita a acta de constitución.**

Neste caso non se lles dará posesión do seu cargo, pero si poderán votar na Mesa.

**Recorde**: As copias dos nomeamentos deben incluírse no sobre nº 1 de documentación electoral que debe preparar a Mesa ao final da xornada. No caso de non recibirse as ditas copias, incluiranse as credenciais (os nomeamentos).



## 8.30 HORAS DA MAÑÁ.

**CONFECCIÓN DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL (ver modelo en páxina 6)**

A presidencia cubrirá a acta de constitución da Mesa e asinaraa xunto cos/coas vogais e os/as interventores/as aos que se dera posesión do seu cargo.

**Recorde**: a acta de constitución da Mesa é única e será válida para todas as eleccións.

Poden solicitar unha copia da acta os/as representantes de candidaturas, apoderados/as ou interventores/as. Só debe entregarse unha copia da acta por candidatura.

Se a presidencia rexeita ou demora a entrega da copia da acta de constitución a quen teña dereito a reclamala, cubrirase por duplicado a protesta asinada por quen formulara a reclamación. Un exemplar unirase ao expediente electoral e outro será remitido pola persoa que formulara a reclamación á Xunta Electoral competente para realizar o escrutinio xeral.

## 9:00 DA MAÑÁ A 8:00 DA TARDE VOTACIÓN



## 9 DA MAÑÁ

**COMEZO DA VOTACIÓN**

A presidencia da Mesa anunciará o comezo da votación, coas palabras **"empeza a votación".**

**Recorde:** Se nalgún momento se observa algunha deficiencia ou falta algún dos elementos necesarios para a votación (urnas, cabina, sobres, papeletas, documentación e impresos), debe comunicalo inmediatamente a Xunta Electoral de Zona, para que proceda para a súa subministración.

Durante toda a xornada electoral a Mesa contará coa presenza, polo menos, de dous dos seus membros.

Correspóndelle á presidencia da Mesa facer gardar a orde no local electoral, conforme ao que se sinala ao final deste manual (“orde pública”).

Teña en conta que é posible que a votación pode INTERROMPERSE OU SUSPENDERSE, sempre baixo a responsabilidade da presidencia da Mesa.

A votación debe **INTERROMPERSE** cando a Mesa advirta a ausencia de papeletas dalgunha candidatura e non a poida suplir mediante papeletas subministradas polos interventores/as ou apoderados/as da correspondente candidatura. Neste caso, a presidencia da Mesa comunicaralle por teléfono tal feito á Xunta Electoral de Zona que, inmediatamente, subministrará novas papeletas. A interrupción non pode durar máis dunha hora e a votación prorrogarase tanto tempo como estivese interrompida.

A votación pode **SUSPENDERSE** por interrupción superior a unha hora, ou ben por calquera motivo que faga imposible o acto da votación.

A presidencia, antes de adoptar a decisión de suspender a votación, debe solicitar o parecer de todos os membros da Mesa e, se as circunstancias o permiten, debe consultar á Xunta Electoral de Zona.

Unha vez adoptada a decisión de suspender a votación, que se reflectirá en escrito razoado, a presidencia ordenará a destrución de todas as papeletas depositadas ata o momento nas urnas e enviará inmediatamente unha copia do citado escrito á Xunta Electoral Provincial, xa sexa en man ou por correo certificado.

Suspendida a votación nunha Mesa, a Xunta Electoral de Zona convocará novas eleccións nesa Mesa dentro dos dous días seguintes.

## DESENVOLVEMENTO DA VOTACIÓN

### 1. Identificación dos/as electores/as

**Os/As electores/as achegaranse á Mesa de un en un e manifestarán o seu nome e apelidos á presidencia da Mesa.**

**Os/as vogais e interventores/as se o desexan comprobarán a súa identidade**. Para iso, os/as electores/as deberán presentar calquera dos seguintes documentos:

- O documento nacional de identidade (DNI).
- O pasaporte (con fotografía).
- O permiso (carné) de conducir (con fotografía).

Aceptarase a presentación destes documentos aínda que estean caducados, pero han de ser os orixinais, en ningún caso fotocopias.

Se a pesar da exhibición dalgún destes documentos, xorden dúbidas sobre a identidade do/da votante, a Mesa decidirá por maioría, tendo en conta os documentos achegados e o testemuño que poidan presentar os/as electores/as presentes.

Estas circunstancias débense anotar na acta de sesión que corresponda.

2. **Os/as vogais e interventores/as se o desexan comprobarán que o/a votante está inscrito/a na lista do censo electoral** que debe estar entre a documentación facilitada á Mesa.

Se o elector ou a electora non figura na lista do censo, só poderá votar na Mesa:

**A)** Se se trata dos/as interventores/as acreditados/as ante a Mesa, sempre que estean inscritos/as nesa circunscrición.

**B)** Se o/a votante presenta algún dos seguintes documentos:

- Sentenza xudicial que recoñeza o seu dereito a estar inscrito/a no censo da Mesa.
- Certificación censual específica, expedida pola Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral, que o/a habilite para facer efectivo o seu dereito ao voto nesa Mesa.

  A certificación censual específica é un medio polo que unha persoa pode acreditar que está inscrita no censo electoral vixente (aínda que non figure nas listas do censo do que dispón a Mesa), ou que figura con datos incorrectos.

  As certificacións censuais poden ser de dous tipos:

  - De alta no censo: refírense a persoas que están inscritas no censo electoral, pero que non figuran na lista enviada á Mesa.

  - De corrección de erros materiais: teñen por finalidade corrixir algún dos datos (o nome ou os apelidos, a data de nacemento, etc.) dos/as votantes que figuran na lista do censo enviada á Mesa.

Será válido tanto o orixinal da certificación como a recibida por fax a través do Concello respectivo.

As certificacións censuais específicas e as sentenzas xudiciais deben terse en conta na lista numerada de votantes para despois computalas debidamente nas actas de escrutinio e de sesión, e quedarán en poder da Mesa para incorporalas á documentación

electoral que debe preparar a Mesa ao finalizar a xornada de conformidade co que se sinala no apartado correspondente deste manual.



OFICINA DEL CENSO ELECTORAL

**ELECCIONES**
ELECCIÓNS

**Delegación Provincial de**

**Certificación censal específica**
Certificación censual específica
DE ALTA

**Fecha** / Data

**Apellido 1º** / Apelido 1º — **2º. apellido** / 2.º apelido

**Nombre**/ Nome — **N.º D.N.I.** — **Fecha de nacimiento** / Data de nacemento

**Municipio** / Concello — **Provincia**

**Distrito** — **Sección** — **Mesa** — **Local electoral**

**El/La Delegado/a Provincial de la Oficina del Censo Electoral**
**Certifica:**
**Que el/la elector/a cuyos datos personales anteceden, está inscrito/a en el censo electoral vigente**
Que o/a elector/a, do que os datos persoais anteceden, está inscrito/a no censo electoral vixente

HABIENDO SIDO INDEBIDAMENTE OMITIDO EN EL EJEMPLAR CERTIFICADO DE LA LISTA ENTREGADA A LA MESA ELECTORAL

POR SER INDEBIDAMENTE OMITIDO NO EXEMPLAR CERTIFICADO DA LISTA ENTREGADA A MESA ELECTORAL

**Y para que conste, a efectos de que pueda ejercitar el derecho de sufragio en la Mesa indicada, se expide la presente, según lo previsto en el artículo 85.1 de la Ley Orgánica del Régimen Electoral General.**
E para que conste, ós efectos de que poida exerce-lo dereito de sufraxio na mesa indicada, expídese a presente segundo o previsto no artigo 85.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

**El/La Delegado/a Provincial**

NOTA: ESTA CERTIFICACIÓN DEBE INCLUIRSE EN EL RESUMEN NUMÉRICO DEL ACTA DEL ESCRUTINIO Y DEL ACTA DE LA SESIÓN DENTRO DEL EPÍGRAFE "N DE CERTIFICACIONES CENSALES PRESENTADAS DE ALTA EN EL CENSO ELECTORAL"

CCE.4-G

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE ALTA NO CENSO



OFICINA DEL CENSO ELECTORAL

**ELECCIONES**
ELECCIÓNS

**Delegación Provincial de**

**Certificación censal específica**
Certificación censual específica
DE CORRECCION DE ERRORES

**Fecha** / Data

**Apellido 1º** / Apelido 1º — **2º. apellido** / 2.º apelido

**Nombre**/ Nome — **N.º D.N.I.** — **Fecha de nacimiento** / Data de nacemento

**Municipio** / Concello — **Provincia**

**Distrito** — **Sección** — **Mesa** — **Local electoral**

**El/La Delegado/a Provincial de la Oficina del Censo Electoral**
**Certifica:**
**Que el/la elector/a cuyos datos personales anteceden, está inscrito/a en el censo electoral vigente**
Que o/a elector/a, do que os datos persoais anteceden, está inscrito/a no censo electoral vixente

FIGURANDO POR ERROR MATERIAL EN LA LISTA DE LA MESA CON LOS SIGUIENTES DATOS
POR FIGURAR POR ERRO MATERIAL NA LISTA DA MESA COS SEGUINTES DATOS:

APELLIDOS: NOMBRE:
FECHA DE NACIMIENTO: DNI:

**Y para que conste, a efectos de que pueda ejercitar el derecho de sufragio en la Mesa indicada, se expide la presente, según lo previsto en el artículo 85.1 de la Ley Orgánica del Régimen Electoral General.**
E para que conste, ós efectos de que poida exerce-lo dereito de sufraxio na mesa indicada, expídese a presente segundo o previsto no artigo 85.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

**El/La Delegado/a Provincial**

NOTA: ESTA CERTIFICACIÓN DEBE INCLUIRSE EN EL RESUMEN NUMÉRICO DEL ACTA DEL ESCRUTINIO Y DEL ACTA DE LA SESIÓN DENTRO DEL EPÍGRAFE " N DE CERTIFICACIONES CENSALES PRESENTADAS DE CORRECCIÓN DE ERRORES MATERIALES". NO ALTERA EL N DE ELECRES DE LA MESA.

CCE.4-G

MODELO DE CERTIFICACIÓN CORRECCIÓN DE ERROS

As certificacións censuais específicas <u>NON DEBEN CONFUNDIRSE:</u>

<u>1. COAS TARXETAS CENSUAIS,</u> que para os efectos de información remite a Oficina do Censo Electoral a todos/as os/as electores/as e que

- Non serven para identificar aos electores ou ás electoras.
- Non serven para permitir votar aos electores ou ás electoras.

<u>2. CO CERTIFICADO DE INSCRICIÓN NO CENSO</u>, que se inclúe na documentación do voto por correo.


(Doble y corte por la línea de puntos)

OFICINA DEL CENSO ELECTORAL

**Tarjeta censal**
Tarxeta censual

**Documentación electoral con franquicia postal**
Documentación electoral con franquicia postal

**En cumplimiento del artículo 39.5 de la Ley Orgánica 5/1985 del Régimen Electoral General, se le remite esta tarjeta censal con los datos actualizados de su inscripción en el censo electoral vigente.**
De acordo co artigo 39.5 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, remíteselle esta tarxeta censual cos datos actualizados da súa inscrición no censo electoral vixente.

**Esta tarjeta tiene carácter puramente informativo.**
Esta tarxeta ten carácter puramente informativo.

**Sr. cartero: por favor, indique con una X la causa de la devolución:**
Sr. carteiro: por favor, indique cun X a causa da devolución:

**Rehusado** / Refusado — 1
**Desconocido** / Descoñecido — 2
**Se ausentó sin dejar señas** / Ausentouse sen deixar enderezo — 3
**Dirección insuficiente** / Enderezo insuficiente — 4
**Fallecido** / Falecido — 5
**Otras causas** / Outras causas — 6

(Doble y corte por la línea de puntos)

OFICINA DEL CENSO ELECTORAL

**Teléfono:** / Teléfon.: **901 101 900**

**En las listas electorales que se utilizarán en las próximas Elecciones figura Vd. inscrito en:**
Nas listas electorais que se utilizarán nas vindeiras Eleccións figura Vde. inscrito en:

**Municipio:** / Concello:
**Distrito:** / Districto: **Sección:** / Sección: **Mesa:** / Mesa:
**Local electoral:** / Local electoral:
**Datos personales de su inscripción:** / Datos persoais da súa inscrición:
**Fecha de nacimiento:** / Data de nacemento: **D.N.I.:** / D.N.I.:

Delegación Provincial:

MODELO DE TARXETA CENSUAL
(ANVERSO E REVERSO)


OFICINA DEL CENSO ELECTORAL

**ELECCIONES**
ELECCIÓNS

**DELEGACIÓN PROVINCIAL DE**

| Asunto | CERTIFICACIÓN |
|---|---|
| **FECHA** / DATA | |

| **APELLIDO 1º** / APELIDO 1º | **2.º APELLIDO** / 2.º APELIDO |
|---|---|
| **NOMBRE** / NOME | **IDENTIFICADOR** |

| **MUNICIPIO** / CONCELLO | **PROVINCIA** |
|---|---|

**Datos de la inscripción censal** / Datos da inscrición censual

| **DISTRITO** | **SECCIÓN** | **MESA** |
|---|---|---|

D., D.ª

DELEGADO/A PROVINCIAL DE LA OFICINA DEL CENSO ELECTORAL

**CERTIFICA:**
**Que el/la elector/a cuyos datos y demás circunstancias personales anteceden, se encuentra inscrito/a en el CENSO en el distrito y sección, que también se especifican.**
**Y para que conste, en cumplimiento de lo determinado en el artículo 73 de la Ley Orgánica 5/1985 del Régimen Electoral General, expido la presente certificación, a los solos efectos de que se pueda emitir el sufragio por correo.**

CERTIFICA:
Que o/a elector/a do que os datos e demáis circunstancias persoais anteceden, atópase inscrito/a no CENSO no distrito e sección que tamén se especifican.
E para que conste, en cumprimento do determinado no artigo 73 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeral, expido a presente certificación só ós efectos de que se poida emiti-lo sufraxio por correo.

EL/LA DELEGADO/A PROVINCIAL

**SR./A. PRESIDENTE/A DE LA MESA ELECTORAl**
SR./A. PRESIDENTE/A DA MESA ELECTORAL ---------- **SECCIÓN:** ----------- **DISTRITO:** -------

6.2-G

CERTIFICADO DE INSCRICIÓN NO CENSO

**Se unha persoa solicitou o voto por correo, non pode votar persoalmente na mesa.**

As persoas que solicitaran emitir o voto por correo (aparecerá unha letra “C” ao lado do seu nome na lista do censo, ou figurará nunha “relación de electores/as da Mesa que solicitaron o voto por correo”, que figura como apéndice á lista do censo). NON PODEN VOTAR PERSOALMENTE na Mesa.

Tampouco poderán votar persoalmente na Mesa, aínda cando estean incluídos no seu censo, os/as interventores/as acreditados/as ante outra Mesa (entre a documentación electoral figurará unha copia da súa acreditación ante a outra Mesa). Ninguén pode votar máis dunha vez, constituíndo delito electoral votar dúas ou máis veces na mesma elección.

## 3. Entrega do sobre de votación pechado á presidencia da Mesa. Introdución do sobre na urna polo/pola votante.

O acto de votar ten carácter persoal e intransferible, polo que un/unha elector/a non pode ser representado/a por outra persoa. Se unha persoa non sabe ler, ou por discapacidade non pode elixir a papeleta, colocala dentro do sobre, ou entregala á presidencia da Mesa, pode pedir a axuda dunha persoa da súa confianza.

**Recorde**: antes de introducir o sobre na urna, ha de comprobarse a identidade do/da votante e a súa inscrición no censo.

O elector ou a electora entregará o sobre de votación pechado á presidencia da Mesa, quen sen ocultalo nin un momento á vista do público dirá en voz alta o nome do/da votante e, engadindo “vota”, entregará de novo o sobre ao elector ou á electora, que será quen o introduza na urna que corresponda.

4. **Anotación dos/das votantes na lista numerada de votantes, co seu nome e cos seus apelidos, e na orde na que emitiran o voto.**

Ademais, indicarán o número co que figuran na lista do censo electoral ou, se é o caso, que achegaron unha certificación censual específica de alta ou unha sentenza xudicial.

Os/As electores/as teñen dereito a examinar se foron ben anotados o seu nome e apelidos na  lista numerada de votantes.

Non están obrigados/as a votar en todas as eleccións convocadas; poden votar só nalgunha delas. Se unha persoa vota nunha das eleccións convocadas, pero non noutra, non poderá votar nesa elección máis tarde. Farase constar este feito na lista numerada de votantes, marcando cun “x” na columna correspondente á elección na que se absteña.

**Recorde**: Os/as electores/as só poden formular reclamacións derivadas da existencia de dúbidas sobre a identidade doutro/a elector/a ou relativas á negativa da Mesa electoral a acreditar o seu exercicio do dereito de voto.

A presidencia non debe admitir ningún tipo de consulta salvo as que se deriven do exercicio persoal do dereito de voto e as que proveñan dos/das interventores/as ou apoderados/as das candidaturas. Os/as electores/as poden, se é o caso, presentar as súas consultas ante a Xunta Electoral de Zona.

Se o/a elector/a insiste ante a Mesa na súa reclamación ou en que se acepte a súa consulta, a Presidencia, tras invitalo/a a depoñer a súa actitude, pode requirir o apoio dos Axentes da Autoridade para que abandone o local electoral.

**VOTACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL COÑECEDORAS DO SISTEMA BRAILLE.**

Pode ocorrer que na Mesa na que vostede foi designado haxa persoas que solicitaran a utilización do procedemento de voto accesible.

A Mesa actuará entón da seguinte maneira:

1. Comprobará a identidade do elector ou da electora e a súa inclusión na lista das persoas que comunicaran a súa intención de utilizar este procedemento (unha copia desta lista estará entre a documentación da Mesa).

2. Unha vez realizada esta comprobación, a Mesa entregará ao elector ou á electora a correspondente documentación do procedemento de votación accesible.

Na documentación entregada hai unhas instrucións explicativas sobre a súa utilización, impresas en sistema braille.

3. Así mesmo, a Mesa indicaralle e facilitaralle o acceso ao espazo do local electoral habilitado para o manexo da documentación entregada.

Neste espazo haberá unha mesa, unha cadeira e un bolígrafo a disposición do elector ou da electora (para marcar as correspondentes opcións na papeleta de eleccións ao Senado)

Unha vez que o elector ou a electora seleccionara a súa opción de voto, seguirase o mesmo procedemento de votación descrito para o resto dos/das electores/as.

**Recorde**:

- Unha vez recollida a documentación, o elector ou a electora pode, se así o desexa, levarlla fóra do local electoral e regresar máis tarde á Mesa para emitir o seu voto.

- Estas persoas, se o desexan, poden seguir facendo uso da posibilidade de ser asistidas por unha persoa da súa confianza para poder exercer o seu dereito de voto.

- Despois da votación, é recomendable que o/a votante leve consigo a documentación que utilizou, co fin de asegurar o segredo do voto emitido.

Os membros das Mesas electorais velarán por que os/as electores/as con minusvalía poidan exercer o seu dereito de voto coa maior autonomía posible adoptando para iso os axustes razoables que resulten necesarios

# A PARTIR DAS 8 DA TARDE
# PECHE DA VOTACIÓN E DO ESCRUTINIO



## 8 DA TARDE

### 1. PECHE DA VOTACIÓN

A presidencia da mesa anunciará en voz alta que vai concluír a votación.

Se a votación se tivese que interromper, o horario de votación debe prorrogarse durante tanto tempo como durase a interrupción.

Se despois quedasen no local electoral, ou no acceso a este, persoas que aínda non votasen, a Mesa deixaralles votar, e non permitirá que o faga ninguén máis.

Deseguido, a presidencia introducirá na urna respectiva os sobres de votación que conteñan as PAPELETAS DE VOTO REMITIDAS POR CORREO:

A Mesa poderá recibir por correo os seguintes votos:

- O voto dos/das electores/as que decidiran votar por correo desde España.
- O voto dos/das electores/as temporalmente no estranxeiro.

Deben seguirse os seguintes pasos, **SEN OLVIDAR QUE O SOBRE QUE CONTÉN A PAPELETA DO VOTO NON DEBE ABRIRSE.**

1º Abrir, de un en un, os sobres remitidos á presidencia da Mesa e comprobar que conteñen o certificado de inscrición no censo e o sobre ou os sobres de votación.

Se falta o certificado de inscrición no censo, debe destruírse o sobre e toda a documentación que contén, xa que non pode considerarse como voto válido, nulo ou en branco.

Se no sobre remitido á Presidencia da Mesa encontra unha "solicitude de reintegro de gastos", deberá introducila no sobre n.º 1 de documentación electoral que se preparará ao finalizar o escrutinio.

2º Comprobar que o/a votante está inscrito/a no censo da Mesa.

3º Introducir na urna correspondente cada sobre de votación.

4º Anotar ao/á votante na lista numerada de votantes. Os/as vogais serán os/as encargados/as desta anotación.

## 2. <u>VOTO DOS MEMBROS DA MESA E OS/AS INTERVENTORES/AS</u>

A continuación votarán os membros da mesa e os/as interventores/as que teñan dereito a votar.

Na lista numerada de votantes indicarase a sección e Mesa na que estean inscritos/as os/as interventores/as que non figuren no censo da Mesa.

## 3. <u>SINATURA DA LISTA NUMERADA DE VOTANTES</u>

Os/As vogais e interventores/as asinarán a lista:

- á marxe de cada unha das follas, e tamén
- inmediatamente debaixo do último nome escrito.

## 4. <u>ESCRUTINIO</u>

Rematada a votación, procederase, de forma inmediata e sen interrupcións, a escrutar os votos.

O escrutinio é público e non pode suspenderse ata que se contaran todos os votos de todas as eleccións realizadas.

Os que asisten ao escrutinio como público non poden formular reclamación ou protesta no curso deste.

A presidencia da Mesa ordenará a expulsión inmediata das persoas que entorpezan ou perturben o escrutinio.

ORDE DO ESCRUTINIO

**Gardarase a seguinte orde:**

1º Eleccións ao Congreso dos Deputados.
2º Eleccións ao Senado.

**O ESCRUTINIO DE RESULTADOS DE CADA ELECCIÓN DEBE FACERSE DO SEGUINTE XEITO:**

1. **Aberta a urna, a presidencia da Mesa extraerá, un a un, os sobres, abriraos e lerá as papeletas en voz alta.**

   **<u>Recorde</u>:** para realizar o escrutinio das papeletas ao Senado, poderá axudarse do modelo facilitado.

2. **Os sobres abertos han de conservarse** para posteriormente comprobar que o seu número coincide co de votantes anotados na lista numerada de votantes.

   Ao examinar os sobres e as papeletas poderán atoparse, ademais dos votos a candidaturas, casos de:

   - votos en branco, e

   - votos nulos

   Estas dúas categorías han de contabilizarse, por separado, para a determinación do resultado da votación.

   - Son <u>VOTOS EN BRANCO</u>:

     - Os sobres que non conteñan papeleta.
     - As papeletas nas que non se marcou ningún candidato ou candidata, no caso das eleccións ao Senado.

   - Son <u>VOTOS NULOS</u>:

     - Os que se emiten en sobres ou papeletas diferentes do modelo oficial.
     - As papeletas sen sobre.
     - Os que se emiten en sobres alterados.
     - As papeletas nas que se modificase, engadise ou riscase o nome dos candidatos e das candidatas, alterase a súa orde de colocación, así como aquelas nas que se introducira calquera lenda ou expresión, ou producira calquera outra alteración de carácter voluntario ou intencionado.
     - No caso de eleccións ao Congreso dos Deputados, os sobres que conteñan máis dunha papeleta de distintas candidaturas (se se inclúen varias papeletas da mesma candidatura, cóntase como un só voto válido).
     - No caso das eleccións ao Senado, as papeletas nas que se marcaran máis de tres candidatos/as, máis de dous no caso de Gran Canaria, Tenerife, Mallorca, Ceuta e Melilla ou máis de un no caso de Menorca, Ibiza-Formentera, Fuerteventura, Gomera, Hierro, Lanzarote e La Palma.

**Recorde: serán computados como válidos** aqueles votos emitidos en papeletas que conteñan un sinal, cruz ou aspa ao lado dalgún dos/as candidatos/as, na medida que estas non teñan transcendencia ou entidade abonda para considerar que con elas se alterase a configuración da papeleta ou se manifestase reproche dalgún/ha dos/as candidatos/as ou da formación política á que pertenzan.

3. **A presidencia ensinará cada papeleta, unha vez lida, aos/ás vogais, aos/ás interventores/as e aos/ás apoderados/as.**

   Se algún/algunha notario/a, candidato ou candidata, ou representante de candidatura tivese dúbidas sobre o contido dunha papeleta, poderá pedila para o seu exame ante os membros da Mesa.

4. **A Mesa comprobará que o número de sobres coincide co de votantes anotados/as na correspondente columna da lista numerada de votantes.**

5. **A presidencia da Mesa preguntará se hai algunha protesta ou reclamación** que facer contra o escrutinio da elección correspondente; de habela, a Mesa resolverá por maioría dos seus membros.

6. **Destrución das papeletas de votación en presenza dos/das asistentes.**

   NON OBSTANTE, NON DEBEN destruírse as seguintes papeletas:

   - Aquelas ás que se lle negase a validez (votos nulos).
   - Aquelas que fosen obxecto dalgunha reclamación.

   Coas papeletas que non se destrúan, débese facer o seguinte:

   - Os membros da Mesa porán a súa sinatura nelas.
   - Uniranse á acta de sesión que corresponda (unha vez que se redacte, ao finalizar o escrutinio).
   - Incluiranse na documentación electoral (no sobre n.º 1) de acordo co indicado no apartado correspondente deste manual.

## 5. ANUNCIO DOS RESULTADOS DA VOTACIÓN

A presidencia da Mesa anunciará, en voz alta, o resultado da votación, indicando os seguintes datos:

- O número de electores/as censados/as (os que figuren nas listas do censo electoral).
- O número de certificacións censuais achegadas (deben reflectirse por separado as certificacións de alta no censo e as certificacións de corrección de erros materiais) e de sentenzas, se é o caso.

- O número de votantes.
- O número de votos nulos.
- O número de votos en branco.
- O número de votos obtidos por cada candidatura, no caso de eleccións ao Congreso dos Deputados, ou por cada candidato ou candidata, no caso de eleccións ao Senado.

## 6. <u>CUBRIR A ACTA DE ESCRUTINIO</u> (ver modelo en páxina 7)

Cubrirase unha acta para cada un dos procesos realizados, incluíndo as posibles sentenzas no apartado de certificacións censuais específicas de alta ou de corrección de erros materiais, segundo corresponda.

a) Cubrir e asinar a acta por quen preside a Mesa, os/as dous/dúas vogais e os/as interventores/as das candidaturas.

b) Colocar o orixinal na entrada do local.

c) Entregar copias ás seguintes persoas, e pola seguinte orde:

- En primeiro lugar, ao/á representante da administración.

  O/A representante designado/a pola administración recollerá a acta de escrutinio da Mesa co obxecto de que o Goberno poida facilitar información provisional sobre os resultados das eleccións.

- Despois, aos/ás representantes de candidatura, aos/ás interventores/as, aos/ás apoderados/as ou aos/ás candidatos/as que o soliciten.

  Só debe entregarse unha copia da acta por cada candidatura.

## 7. <u>CUBRIR A ACTA DE SESIÓN</u> (ver modelo en páxina 8)

Cubrirase unha acta para cada un dos procesos realizados.

a) Cubrir os impresos da acta de sesión.

b) Asinar as actas por quen presida a Mesa, os dous/dúas vogais e os/as interventores/as das candidaturas.

c) Entregar copias aos/ás representantes das candidaturas, aos/ás apoderados/as, aos/ás interventores/as e aos/ás candidatos/as que o soliciten.

**FIN DAS FUNCIÓNS DA MESA:**
**PREPARACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN ELECTORAL**

Finalizadas as operacións anteriores, prepararase a documentación electoral de cada unha das eleccións realizadas, o que require:

## 1. DISTRIBUÍR A DOCUMENTACIÓN ELECTORAL EN TRES SOBRES

Estes sobres incluirán a seguinte documentación:

- **SOBRE NÚMERO 1:**

  - Orixinal da acta de constitución da Mesa.

    > **Recorde**: A acta de constitución da Mesa é un documento único para todos os procesos que se realicen, porque a Mesa é común.
    >
    > A acta de constitución da Mesa ten carácter autocopiativo e os membros da Mesa contarán cun número suficiente de exemplares para a preparación dos distintos sobres e para a entrega das copias correspondentes aos que estean autorizados a recibilas.

  - Orixinal da acta de sesión das eleccións ao Congreso dos Deputados e das eleccións ao Senado.

  - Documentos aos que se faga referencia nas actas de sesión:

  - Lista numerada de votantes.

  - Papeletas nulas ou que fosen obxecto de reclamación.

  - Listas do censo electoral utilizadas.

  - De ser o caso, as certificacións censuais e/ou sentenzas xudiciais entregadas.

  - Copias das credenciais dos/das interventores/as, ou as propias credenciais se non se recibiron as copias.

- Solicitudes de reintegro de gastos do voto por correo, se as houbese.

- **SOBRES NÚMERO 2 E NÚMERO 3:**

  En cada un dos sobres 2 e 3, incluiranse os seguintes documentos:

  - Copia da acta de constitución da Mesa.
  - Copia das actas de sesión.

## 2. PECHAR OS SOBRES E ASINALOS

A presidencia, os/as vogais e os/as interventores/as porán as súas sinaturas neles, de forma que estas crucen as solapas.

## 3. ENTREGAR OS SOBRES

- **SOBRES NÚMEROS 1 E 2**

- A presidencia debe entregar os sobres 1 e 2 no Xulgado de Primeira Instancia ou de Paz na circunscrición na cal se atope a Mesa.

  Poderá ir acompañado por un ou unha vogal e os/as interventores/as que o desexen.

  As Forzas e Corpos de Seguridade acompañarán e, se fose preciso, facilitarán o desprazamento destas persoas.

- O xuíz ou a xuíza recibirá a documentación e asinará o correspondente recibo (que debe atoparse entre a documentación da Mesa).

| |
|---|
| ENTREGADOS OS SOBRES NÚMEROS 1 E 2, FINALIZAN AS FUNCIÓNS DOS MEMBROS DA MESA QUE ACUDIRON AO XULGADO. |

- **SOBRE NÚMERO 3**

- Un ou unha dos/das vogais, polo menos, debe permanecer no local electoral ata que se efectúe a entrega do sobre número 3 ao empregado ou á empregada do Servizo de Correos, que asinará o correspondente recibo (que debe atoparse entre a documentación da Mesa).

| |
|---|
| ENTREGADO O SOBRE NÚMERO 3, FINALIZAN AS FUNCIÓNS DO MEMBRO DA MESA QUE PERMANECEU NO LOCAL ELECTORAL. |

# OS/AS INTERVENTORES/AS E OS/AS APODERADOS/AS DAS CANDIDATURAS

## INTERVENTORES/AS

- Cada candidatura pode nomear dous/dúas interventores/as por cada Mesa. Desempeñan a súa función só na Mesa ante a que estean acreditados/as.
- Poden asistir á Mesa e participar nas súas deliberacións con voz pero sen voto. Para os efectos, os/as interventores/as de cada candidatura acreditados/as ante a Mesa poden substituírse entre si.
- Poden formular reclamacións e protestas e pedir certificacións.
- Votan na Mesa na que estean acreditados/as, aínda que non estean incluídos/as no censo electoral desta, sempre e cando figuren inscritos/as no censo da circunscrición correspondente a esa Mesa. No caso contrario, só poderán votar por correo na Mesa na que figuren inscritos no censo. Poden exercer o seu dereito ao voto unha soa vez, constituíndo delito electoral votar dúas ou máis veces na mesma elección.

## APODERADOS/AS

- Exercen a representación da candidatura nos actos e operacións electorais, poden acceder libremente a todos os locais electorais, examinar o desenvolvemento da votación e do escrutinio en calquera Mesa, formular reclamacións e protestas e pedir certificacións.
- Se non hai interventores/as da súa candidatura, poden actuar como tales na Mesa, participando nas súas deliberacións con voz e sen voto.
- Deben identificarse exhibindo as súas credenciais e o seu documento nacional de identidade aos membros da Mesa.
- Non votan na Mesa se non figuran no censo desta.



ELECCIONES DICIEMBRE 2015 / *ELECCIÓNS DECEMBRO 2015*

| Circunscripción electoral / *Circunscripción electoral* | Asunto / *Asunto* CREDENCIAL NOMBRAMIENTO APODERADO/A *NOMEAMENTO APODERADO/A* |
|---|---|
| | Fecha de la elección / *Data da elección* |

DATOS DE LA PERSONA PROPUESTA / *DATOS DA PERSOA PROPOSTA*

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º Apellido / *1.º Apelido* | 2º Apellido / *2.º Apelido* | | |
| Nombre / *Nome* | Nº DNI / *N.º DNI* | | |
| Profesión / *Profesión* | Edad / *Idade* | | |
| Domicilio / *Domicilio* | Nº /*Núm.* | Piso / *Piso* | |
| Municipio / *Municipio* | C.P. / *CP* | Provincia / *Provincia* | |

DATOS DEL/DE LA REPRESENTANTE / *DATOS DO/DA REPRESENTANTE*

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º Apellido / *1.º Apelido* | 2º Apellido / *2.º Apelido* | | |
| Nombre / *Nome* | Nº DNI / *N.º DNI* | | |
| Profesión / *Profesión* | Edad / *Idade* | | |
| Domicilio / *Domicilio* | Nº /*Núm.* | Piso / *Piso* | |
| Municipio / *Municipio* | C.P. / *CP* | Provincia / *Provincia* | |
| Formación política / *Formación Política* | | | |
| Para las elecciones / *Para as eleccións* | | | |

MATRIZ

De acuerdo con el artículo 76.2 de la vigente Ley Orgánica del Régimen Electoral General, nombro Apoderado/a la persona arriba indicada.

*De acordo co artigo 76.2 da vixente Lei orgánica do réxime electoral xeral nomeo apoderado/a á persoa arriba indicada.*

Lugar y fecha / *Lugar e data*

EL/LA REPRESENTANTE / *O/A REPRESENTANTE*

Sr./a Secretario/a de la Junta electoral ...............
Sr./Sra. secretario/a da Xunta Electoral ...............
de / *de:* ...............

N.4a - Nombramiento de Apoderado/a - Matriz / *N.4a - Nomeamento apoderado/a - (matriz)*

ELECCIONES DICIEMBRE 2015 / *ELECCIÓNS DECEMBRO 2015*

| Circunscripción electoral / *Circunscripción electoral* | Asunto / *Asunto* CREDENCIAL NOMBRAMIENTO APODERADO/A *NOMEAMENTO APODERADO/A* |
|---|---|
| | Fecha de la elección / *Data da elección* |

DATOS DE LA PERSONA PROPUESTA / *DATOS DA PERSOA PROPOSTA*

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º Apellido / *1.º Apelido* | 2º Apellido / *2.º Apelido* | | |
| Nombre / *Nome* | Nº DNI / *N.º DNI* | | |
| Profesión / *Profesión* | Edad / *Idade* | | |
| Domicilio / *Domicilio* | Nº /*Núm.* | Piso / *Piso* | |
| Municipio / *Municipio* | C.P. / *CP* | Provincia / *Provincia* | |

DATOS DEL/DE LA REPRESENTANTE / *DATOS DO/DA REPRESENTANTE*

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º Apellido / *1.º Apelido* | 2º Apellido / *2.º Apelido* | | |
| Nombre / *Nome* | Nº DNI / *N.º DNI* | | |
| Profesión / *Profesión* | Edad / *Idade* | | |
| Domicilio / *Domicilio* | Nº /*Núm.* | Piso / *Piso* | |
| Municipio / *Municipio* | C.P. / *CP* | Provincia / *Provincia* | |
| Formación política / *Formación política* | | | |
| Para las elecciones / *Para as eleccións* | | | |

CREDENCIAL

De acuerdo con el artículo 76.2 de la vigente Ley Orgánica del Régimen Electoral General, nombro Apoderado/a la persona arriba indicada

*De acordo co artigo 76.2 da vixente Lei orgánica do réxime electoral xeral nomeo apoderado/a á persoa arriba indicada.*

Lugar y fecha / *Lugar e data*

EL/LA SECRETARIO/A DE LA JUNTA ELECTORAL / *O/A SECRETARIO/A DA XUNTA ELECTORAL*

Sr./a. D./Dª *(persona propuesta)* ...............
*Sr./Sra. D./D.ª (persoa proposta)* ...............

N.4b - Nombramiento de Apoderado/a - Credencial / *N.4b - Nomeamento apoderado/a - credencial*

## INTERVENTORES/AS E APODERADOS/AS

Os/As interventores/as e apoderados/as poden portar emblemas ou adhesivos da entidade política á que representan, pero só para identificarse como interventores/as ou apoderados/as desa candidatura, e sen que iso se considere propaganda electoral.

MODELO DE CREDENCIAL DE APODERADO/A

# ORDE PÚBLICA

A presidencia da Mesa é responsable do cumprimento das normas de orde pública dentro do local electoral, e mesmo nos arredores, durante a xornada electoral para garantir a liberdade de voto dos/das electores/as e o cumprimento da lei.

## 1. Facultades da presidencia da Mesa.

- Ten, dentro do local electoral, a autoridade exclusiva de cara ao mantemento da orde pública.
- Para estes efectos, poden solicitar a intervención das Forzas e Corpos de Seguridade, destinadas a protexer os locais electorais, quen prestarán o auxilio que se lles requira.

## 2. Normas de orde pública.

- A entrada ao local electoral estará sempre libre e accesible para as persoas que teñen dereito a entrar nel.

Só teñen dereito a entrar nos locais electorais as seguintes persoas:

- Os/As electores/as, e as persoas que deben prestarlles asistencia, se o necesitan.
- Os/As representantes das candidaturas.
- Os/As candidatos e candidatas.
- Os/As apoderados/as e os/as interventores/as.
- Os/As notarios/as.
- Os/As axentes da autoridade requiridos pola presidencia.
- Os/As membros das Xuntas Electorais.
- Os xuíces e as xuízas de Instrución e os seus/súas delegados/as.
- Os/As representantes da Administración.

Calquera outra persoa necesita autorización da presidencia para permanecer no local.

- Non debe permitirse que no local electoral ou nas súas inmediacións se formen grupos que poidan entorpecer o acceso a este.
- Non debe admitirse a presenza nas proximidades do local de persoas que poidan dificultar ou coaccionar o libre exercicio do dereito de voto. A presidencia da Mesa debe tomar todas as medidas que considere convenientes para evitalo.
- Ninguén pode entrar no local electoral con armas nin instrumentos que poidan ser usados como tales, a excepción dos/das axentes encargados/as de protexer o local cando sexan requiridos/as pola presidencia.
- Nin no local electoral nin nas súas inmediacións poderán realizarse actos de propaganda electoral.

## 3. Anotación de incidentes na acta de sesión.

Faranse constar na acta de sesión correspondente os incidentes que afectasen á orde no local electoral, con indicación do nome e dos apelidos dos que os provocasen.